

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANUNCIO do 29 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se dá publicidade á Resolución do 27 de xuño de 2023 pola que se outorga a autorización ambiental integrada a Val do Congo, S.C. para unha explotación avícola de polos de ceba situada no lugar de Maceira, concello de Lalín (Pontevedra) (expediente 2020-IPPC-I-102).

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316, do 31 do decembro), dáselle publicidade á seguinte resolución:

Instalación: explotación avícola de ceba de 98.684 aves	Procedemento: autorización ambiental integrada
Titular: Val do Congo, S.C.	Núm. rexistro AAI: 2020-IPPC-102-366
Localización: lugar de Maceira, concello de Lalín (Pontevedra)	Expediente: 2020-IPPC-I-102

Esta resolución poderá consultarse en <https://cmatv.xunta.gal/busca-de-expedientes-da-autorizacion-ambiental-integrada> ou presencialmente na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, rúa de San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela).

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2023

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

